

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 03-10-2023, ditou a resolución con número 2763/2023 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Modificación do tribunal cualificador e chamamento para o exercicio da fase de oposición do Proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de Concurso-Oposición, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de Auxiliar de Biblioteca incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Resolución da Alcaldía núm. 2651/2023 do 22/09/2023 (BOP núm. 185 do 27/09/2023) aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeouse ao tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso-oposición, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de Auxiliar de Biblioteca incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Segundo.- Determinada a composición nominativa do tribunal cualificador previsto na Base Quinta da convocatoria na dita Resolución, a vogal suplente número dous (2) do citado tribunal, D^a. Blanca Fernández Marqués, Auxiliar de Bibliotecas do Concello de Oleiros, presenta a súa renuncia.

Terceiro.- Celebrouse a sesión constitutiva do tribunal cualificador o xoves 28 de setembro de 2023 e a sesión de baremación de méritos da fase de concurso o venres 29 de setembro de 2023.

Á vista do anterior, e de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente,

RESOLVO:

Primeiro.- Determinada a composición nominativa do tribunal cualificador previsto na Base Quinta da convocatoria na dita Resolución, e habendo presentado a súa renuncia a vogal suplente número dous (2) do citado tribunal, proceder a súa substitución nos termos seguintes:

D. **José Antonio Esmorís Gómez**, Arquivoiro do Concello de Carballo, substitúe a D^a. Blanca Fernández Marqués, Auxiliar de Bibliotecas do Concello de Oleiros.

Segundo.- Consonte coa previsión contida na Base Sexta das Bases Xerais e Bases Específicas reguladoras das convocatorias e procesos selectivos referentes ás prazas incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria do Concello de Carballo para o ano 2022, bases e convocatoria aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 3600/2022 do 28/11/2022 (BOP núm. 229 do 02/12/2022; BOE núm. 301 do 16/12/2022), convocar aos aspirantes para a realización do **exercicio teórico-práctico** da fase de oposición o vindeiro **11 de outubro as 11.00 horas no EDIFICIO FORUM** (Praza dos Bombeiros Voluntarios, s/n, 15100 Carballo, A Coruña).

Terceiro.- Publicar anuncio da modificación do tribunal cualificador e da data da convocatoria do exercicio da fase de oposición no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal).

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

Miguel Piñeiro Souto

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2022/E001/000070
Exp. 2023/G003/002915

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto